



OBRADOIRO: CONTRAPUBLICIDADE FEMINISTA

A QUEN VAI DIRIXIDO:

Alumnado de Primaria ou Secundaria principalmente.

CANTO DURA: 1 sesión de 110" ou 2 sesións de 60"

QUE SE NECESITA: proxector, conexión a internet, imaxes publicitarias en papel, tesouras, pegamento de barra, rotuladores, cartón pluma, cola.

QUEN IMPARTE

Fedra Alcaraz Ladrero é responsable da área artística e pedagóxica da cooperativa A Morada. Licenciada en Belas Artes e con formación para a sensibilización en xénero, ten experiencia na ensinanza artística no ensino regrado e non regrado, así como no traballo con persoas con diversidade funcional.

POR QUE

A publicidade é un dos instrumentos que máis inflúen no proceso de socialización diferenciada transmitindo estereotipos de xénero que perpetúan a discriminación das mulleres. A través da análise e a reflexión colectiva podemos detectar o sexismo das mensaxes publicitarias e mediante a creatividade darlles a volta para xerar unha resposta alternativa, contribuíndo a que nenas e nenos adquiran ferramentas para a reflexión e a acción críticas.

OBXECTIVOS

- Analizar con sentido crítico anuncios publicitarios identificando o sexismo nas súas mensaxes.
- Reflexionar colectivamente sobre a imaxe das mulleres na publicidade expresando ideas propias e respectando as dos demais.
- Compoñer colaborativamente un anuncio contrapublicitario mediante a colaxe creativa.

METODOLOXÍA

A actividade plantéxase como un proceso no que o alumnado poida participar activamente reflexionando, achegando ideas e aplicando estratexias creativas. Terase en conta a atención á diversidade, adaptando as propostas ás diferentes necesidades das nenas e nenos.

SECUENCIACIÓN DA ACTIVIDADE

1

ANÁLISE DO SEXISMO NA PUBLICIDADE:

- Estereotipos de xénero
- Cousificación do corpo das mulleres
- Violencia estética



- Por grupos analizan un anuncio publicitario respondendo a unha serie de preguntas.
- Posta en común das reflexións

25´

2

QUE É A CONTRAPUBLICIDADE?



- Breve explicación presentando exemplos.
- Estratexias que se poden usar na contrapublicidade: crear un eslogan contrario, cambiar os roles de xénero, utilizar a metáfora visual, descontextualizar

10´

3

FACEMOS CONTRAPUBLICIDADE



- Grupos de 4-5 persoas
- Cada grupo elixe un dos anuncios analizados na primeira parte e deberán crear unha imaxe contrapublicitaria mediante a colaxe.

50´

4

EXPOÑEMOS E COMPARTIMOS



Exposición dos traballos realizados e posta en común reflexionando e valorando o proceso creativo.

15´